

Ola familias,

Espero que esteades ben e afrontedes con ánimo estes días, xa estamos máis pretos do fin de curso!

Cada semana remitímosvos diversas actividades co fin de facer os días máis amenos e que vos divirtades un pouco cos vosos fillos/as. Así mesmo cada semana preséntovos actividades en torno a un centro de interese. Esta semana, o día 5, conmemoramos o **día do medio ambiente** así que recoméndovos actividades relacionadas con este tema:

- **MANDALAS CON ELEMENTOS NATURAIS**

Seguro que todos e todas temos preto elementos naturais coma flores, pedriñas, herbas... que podemos coller por exemplo nos nosos paseos de cada día. Eses elementos os usaremos para elaborar unha mandala. Podédela facer sobre unha masa como arxila ou mesmo enriba dunha cartolina, papel ou en calquera superficie.

Ademais cabe dicir que se non podedes conseguir estes elementos tamén podédela facer con legumes como no exemplo que vos mostramos, ou simplemente pintada nun folio.




- **O CORAZÓN DA TERRA**

O noso medio ambiente debemos coidalo e protexelo pois é o corazón do noso planeta. Por iso vos mando esta manualidade na que plasmamos a importancia do medio ambiente.



- **GORRO DA TERRA**

Esta manualidade a podemos facer con folios, un anaco de papel para o redor da cabeza e logo un círculo representando a terra. Os nenos/as poderán decoralo ao seu gusto.




- **ADIVIÑAR OS NÚMEROS QUE FALTAN**

Pretendemos mellorar o coñecemento da serie numérica e con esta actividade deben darse conta dos números que faltan en cada liña. Así debuxaremos os números nun folio e sempre deixando oco para un número que non escribamos en cada liña. Teremos tamén en tapóns ou en anacos de cartolina ou papel os números para que eles cubran os números que faltan.



- **O MONIGOTE DOS NÚMEROS**

Para esta actividade precisamos un dado, un monigote debuxado nun folio con números dentro e unha cera ou un rotulador. Lanzaremos o dado e terán que colorear o número que corresponde co que saíu no dado. Podedes traballar ata o 10 aínda que o recomendado é ata o 6. Podedes usar calquera outra figura sen ser un monigote.



- **FACEMOS SERIES DE DIFERENTES ELEMENTOS**

Na casa podemos facer series con moitos elementos dos que teñamos na casa, de xeito que haxa unha secuencia que se repita e que os nenos e nenas podan continuar. Déixovos varios exemplos:



- **PINTAMOS LIÑAS AOS PUNTOS**

Darémolles aos nenos/as un folio no que pintemos puntiños de cores ben separados. Eles/as terán que pintar liñas neses puntos da mesma cor, como se foran os raios do sol.



- **USAMOS O TACTO**

É un sentido que tamén debemos traballar e é unha forma divertida de facelo. Facemos un burato nunha caixa para meter as mans e dentro desta caixa metemos obxectos de diferentes texturas que os nenos/as non verán. Cando metan a man irán tocando os diferentes obxectos e terán que adiviñar qué é pola súa textura.



- **CADRO CO NOSO NOME**

Para esta actividade precisamos unha cinta adhesiva ou tamén podemos escribir o nome nun folio e recortar as letras. A idea é que pintemos cunha esponxa con pintura de dedos ou con outros obxectos como o fondo dos globos ou pinceis. Pintamos por todo o espazo e cando acabemos quitamos as letras do noso nome de forma que ese espazo queda en branco e xa temos a nosa obra de arte! Se temos opción podemos facelo nun lenzo e así decoramos a nosa habitación.



- **BUSCAMOS LETRAS INICIAIS**

Teremos que coller xoguetes e buscar por qué letra empeza. Logo poñeremos eses xoguetes na letra que corresponda. É recomendable facelo nun papel grande para ter espazo para os xoguetes ou, se temos, usar letras como as que aparecen na imaxe da dereita.



Ademais déixovos como anexo unhas flores e as vogais e imaxes de cousas cuxos nomes empezan por vogais. Trátase de poñer en cada pétalo un obxecto que empece pola vogal que se atopa no medio da flor. Os anexos serían un coa flor e outro coas vogais e as imaxes.



- **XOGO DE ATENCIÓN**

Colócanse nunha mesa 4 ou 5 obxectos e se lle da ao neno/a uns segundos para que os observe. Logo ten que pechar os ollos e retiramos un dos obxectos e terá que adiviñar cal eliminamos. Pódense ir engadindo obxectos para facelo cada vez máis complicado.

A continuación vouvos deixar este enlace no que hai xogos de atención e axilidade mental con bolas de cores.



<https://www.youtube.com/watch?v=ipsAI9LKa7Y>

- **FICHAS COMPLEMENTARIAS**

Como cada semana remitímosvos no anexo fichas complementarias para traballar diferentes conceptos. Lembrarvos que son optativas e sempre debemos facelas segundo o ritmo de cada neno/a.


ESPAZO DE CONTOS

EL COLEGIO ECOLÓGICO DE CHELO



<https://www.youtube.com/watch?v=1EpmcNw5UI4>

EL LIBRO DE LOS ABRAZOS



https://www.youtube.com/watch?v=LvCaF_Ub6HY

Despídome desexándovos unha boa semana e lembravos as orientacións sobre rutinas e as indicadas polos diferentes especialistas. As actividades que vos enviamos non teñen unha data límite polo que podedes seguir facendo tamén actividades recomendadas en semanas anteriores.

Unha forte aperta.

Paula.